

CAMPAÑA DE VIXILANCIA PERIÓDICA DA SAÚDE PARA O ANO 2023 NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA (01/02/23)

Inscrición:

- Comeza o **2 de febreiro e termina 2 de xuño**.
- Realizarase telematicamente no **Portax** (Portal do Empregado Público da Xunta de Galicia) ou do **OPAX** (Oficina virtual do persoal da Administración de Xustiza).



No DOG de hoxe:

[RESOLUCIÓN do 26 de xaneiro de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se dá publicidade á campaña de vixilancia periódica da saúde para o ano 2023 no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galicia.](#)

Ámbito persoal:

Administración xeral, agás o que presta servizo en centros docentes da C. de Cultura, Educación, formación profesional e Universidades, entes públicos, Fundacións e SERGAS.

INSCRICIÓN E PRAZOS:

A inscrición previa realizarase **de forma telemática** no formulario de petición de recoñecemento, que está dispoñible no **Portax** (Portal do Empregado Público da Xunta de Galicia) ou do **OPAX** (Oficina virtual do persoal da Administración de xustiza).

A inscrición debe incluír todos os datos que figuren no formulario. A falta dalgún deles impedirá a tramitación da solicitude.

Toda inscrición xerará un xustificante do consentimento que se deberá presentar o día concertado para realizar a vixilancia da saúde.

O prazo de **inscrición rematará transcorridos 4 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG**, agás:

- Persoal de nova incorporación
- Persoal que se incorpore ao traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde
- Persoal que durante o prazo de solicitude estea gozando das vacacións.

Nestes supostos deberá presentarse a debida xustificación ante o Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

